

7 anos de muxido robotizado



Comodidade e eficiencia ao máis puro estilo Lely en Granxa do Loureiro

José Manuel Fernández xestiona esta gandería, localizada en Monfero (A Coruña), con máis de 67 vacas en muxido para un Lely Astronaut A4.

TESTEMUÑO

José Manuel Fernández

Pasaron sete anos desde que Granxa do Loureiro (Monfero, A Coruña) estreou as súas novas instalacións e o seu robot Lely Astronaut A4. A día de hoxe, José Manuel Fernández, propietario da granxa, moxe unha media de 68 vacas diarias con moi bos datos de produción.

A nave, construída en estilo invernoiro, ten 70 cubículos na zona das vacas de leite e 60 cornadizas cuns corredores de 5 metros a ambos os dous lados. O robot, situado na terceira fila de cubículos, está centrado no medio da nave “para que as distancias que teñan que percorrer as vacas sexan mínimas”,

relata. Ademais, incorporou a amamentadora Lely Calm e o arrimador de comida Lely Juno.

En canto ao gando, reconece que está “moito máis tranquilo con este sistema. É un manexo totalmente diferente ao dunha explotación con sala de muxido”. As vacas de Granxa do Loureiro logran un alto índice xenético e o robot permítelle aproveitar moito máis o potencial dos animais. “Melloraron moito nos seus picos de lactación”, afirma o gandeiro, que conta con primíparas por encima dos 60 kg de produción de leite diarios.

Cando se instala un robot sempre se busca un terceiro muxido para o rabaño, pero para Fernández isto vai un paso máis adiante: “Teño vacas con case seis de media diarios”, comenta. Os animais

que máis muxidos necesitan son os que máis acoden e iso fai que poida extraer todo o seu potencial. A mellora foi moi significativa co paso dos anos, posto que empezaron cunha produción media anual de medio millón de litros de leite, pero nos dous últimos períodos duplicaron esta cifra e alcanzaron o millón de litros ao ano. “Cando empecei co robot sempre me dixeran que podía mellorar uns tres litros de media na miña explotación, pero o incremento foi maior: máis de cinco litros”, asevera o propietario.

En canto á alimentación das vacas de leite, “baseámola sobre todo no silo de millo e complementamos co de herba, un pouco de palla e penso”, explica. A cantidade de concentrado en carro é de 6,5 kg e a media en robot está en 6 kg.

A produción media é de 41 kg/vaca/día



TODO BAIXO CONTROL GRAZAS A LELY HORIZON

Cando instalaron o robot, Fernández tiña claro que “quería Lely e un Astronaut A4 (modelo novo daquela)”, o cal conta con todos os extras posibles: báscula de peso, sistema de desinfección por vapor Lely Pura e reconto celular MQCC-2; ademais ten colares de detección de celo, ruminación, inxestión e estrés por calor. “Todo o que che poida achegar información é fundamental nunha máquina de muxido”, resalta. Para o gandeiro, a entrada e a saída rectas foron importantes, xa que considera que “melloran moito a circulación das vacas”.

Nesta explotación coruñesa baséanse sempre nos datos que lles proporciona o robot: “Utilizo moito o móbil e a aplicación Lely Horizon para ter todo baixo control e, aínda que se peca de perder algo de contacto visual co animal, a información que nos ofrece o Lely Astronaut en tempo real é indispensable”, puntualiza.

MAIOR PRODUCCIÓN CON MENOS TRABALLO

En Granxa do Loureiro teñen unha media que oscila entre os 2.700 e os 2.750 litros diarios e unha produción por vaca de 41 kg/día: “Movémonos ao redor dos 13.000 litros por lactación e incluso chegamos a superar os 3.000 litros diarios en picos de lactación”.

Moxe entre 67 e 70 vacas no robot, cifra que non varía ao longo do ano, e destaca que algunhas alcanzan un fluxo de leite de 3,5 kg/minuto. “Son moi rápidas e isto permíteme ter o robot cun maior número de animais”, subliña.

Para este gandeiro coruñés o tráfico libre de Lely é algo básico, pero “necesitas un robot que muxa as vacas e non che dea problemas, sobre todo canto maior é o número de cabezas que tes nunha máquina”. Coa amplitude dos patios da granxa, eliminaron todos os dilemas de xerarquías e facilitaron que as vacas circulasen mellor. Á súa vez, isto permítelles ter moito menos traballo diario: “Aquí non empurramos vacas, podemos achegar uns seis animais, tres á mañá e tres á tarde, que adoitan ser os que están algo máis delicados de saúde”, detalla.

Aínda que “con máis penso aínda se poden sacar máis litros de leite”, argumenta que “o índice reprodutivo tamén debe ser bo para poder soste a explotación”.

No contexto actual no que se move o sector, incide en que “a situación é complexa. Por cada céntimo que nos soben o leite, os custos aumentan uns tres céntimos máis. Ademais, as marxes este ano vanse reducir e cada vez hai que fiar máis fino”.

Ante a situación, José Manuel Fernández teno claro: “Hai que basearse en producir boas forraxes e aumentar ao máximo a súa rendibilidade”. ■



Dispoñen do Lely Astronaut A4 con todos os extras posibles



Coa amplitude de patios facilitan que as vacas circulen mellor



Utilizan o arrimador de comida Lely Juno e a amamentadora Lely Calm



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Ávila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

